



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

Servizo de Contratación

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Adxudicación dos contrato das obras do Plan DTC- 93

Na Xunta de Goberno realizada o día 18 de setembro de 2014, acordouse iniciar os trámites para a contratación das obras do DTC- 93, que a continuación se relacionan: Reparación camiño da Igrexa - cruce do Castelo (Lestedo) e outros por importe de 36.805,7 euros

Reparación camiño de cruce Gastrar a cruce de Vigo e outros por importe de 52.197,59 euros

Reparación camiño subida a Quian (Sergude) e outro por importe de 51.157,26 euros

Así mesmo, acordouse solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Obras y Viales de Galicia, SL

Construcciones y Transportes Tato Regueiro, SL

Alcomte Galicia, SL

Tamén se publicou a licitación no perfil do contratista da páxina web do concello con data 25/09/2014.

Na Xunta de Goberno do día 16 de outubro, clasifícanse as ofertas quedando do seguinte xeito:

Reparación camiño da Igrexa - cruce do Castelo (Lestedo) e outros por importe de 36.805,7 euros

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Oviga	10	6	2	10	0	41
Alcomte	12	7	12	10	0	28
Tato Regueiro	1	1	1	10	0	13

Reparación camiño de cruce Gastrar a cruce de Vigo e outros por importe de 52.197,59 euros

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Oviga	10	6	2	10	0	41
Alcomte	12	7	12	10	0	28
Tato Regueiro	1	1	1	10	0	13

Reparación camiño subida a Quian (Sergude) e outro por importe de 51.157,26 euros

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Oviga	10	6	2	10	0	41
Alcomte	12	7	12	10	0	28
Tato Regueiro	1	1	1	10	0	13

Posteriormente á realización da Xunta de Goberno, o técnico que realizou a valoración das ofertas presentadas, e tendo en conta o informe de secretaría – intervención, elabora os informes explicando a aplicación dos criterios de valoración das ofertas presentadas. Así queda explicado o motivo e o porque se deron as puntuacións en cada una dos criterios avaliados. Rexistros de entrada 14/1941, 14/1942 e 14/1943 do día 22 de outubro.

O día 21 de outubro envíase, por correo electrónico á empresa OVIGA,SL o requirimento para que acheguen a documentación correspondente para poder adxudicar os contratos.

O día 22 de outubro, con rexistros núm. 14/1946, 14/1947 e 14/1948 entregan a documentación que se sinala na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas e os correspondentes avais.

Segundo a lei de contratos, o contrato adxudicarase no prazo de 5 días hábiles desde que se reciba a documentación, polo tanto e debido a que a vindeira xunta de goberno non se realiza ata o 6 de novembro, RESOLVO:

1 Adxudicar os seguintes contratos á empresa Oviga, SL:

Reparación camiño da Igrexa – cruce do Castelo (Lestedo) e outros por importe de 36.805,7 euros

Reparación camiño de cruce Gastrar a cruce de Vigo e outros por importe de 52.197,59 euros

Reparación camiño subida a Quian (Sergude) e outro por importe de 51.157,26 euros

2 Comunicar este acordo a tódolos licitadores

Boqueixón, 23 de outubro de 2014.

O alcalde

Jesús Sanjuás Mera